

PROTOCOLOS E MEDIDAS HIGIÉNICO SANITARIAS
PARA O DESENVOLVIMENTO DAS ACAMPADAS NA
NATUREZA



VILARBÓ 2022

INTRODUCCIÓN

Nestes momentos no que os contaxios non están controlados é moi fácil contaxiarse da COVID-19 e non enterarse porque na maioría dos casos non produce síntomas, ou a lo menos síntomas importantes. Coa nova lei non se realizan illamentos nin cos que presentan o virus nin cos contactos estreitos, polo que é importante que se respeten as medidas preventivas correspondentes.

Por norma, non se debe acudir a ningún campamento ou actividade de ocio e tempo libre si se presentan síntomas compatibles coa Covid-19 (febre, vómitos, diarrea, cansazo ..) ou de calquera outra enfermidade infecciosa e potencialmente transmisíbel.

De ahí a necesidade dun protocolo de actuación que nos permita saber o que facer nos casos de contaxio.

OBXETO E CAMPO DE APLICACIÓN

Este é un protocolo interno estudado e deseñado segundo a natureza das nosas actividades e as nosas instalacións de xeito que podamos minimizar a posibilidade de risco de contaxio polo virus COVID-19 ao longo da actividade.

E o protocolo de actuación en caso de que se produza un contaxio.

Non recolle a xestión doutro tipo de riscos que se poden producir dentro da actividades que van recollidos noutro documento.

ANTES DO INICIO DA ACTIVIDADE.

- Favoreceremos a matriculación dixital dos e das participantes agás a declaración responsable que será entregada en persoa o día da incorporación. Igualmente haberá a modalidade de matriculación presencial, para aqueles que lles poida resultar máis cómodo.
- O Equipo técnico firmará unha declaración responsable conforme non presentou ningún tipo de síntoma relacionado coa Covid-19 (febre, cansazo, dificultade respiratoria) nos últimos 14 días, así como que non tivo contacto ou permaneceu sin a protección debida con pacientes diagnosticados positivos en Covid-19 nos últimos 15 días.
- Aos monitores presentaráselles este protocolo de actuación de xeito que saiban o que teñen que facer en caso dun positivo en Covid-19 dentro do campamento.
- Limpeza e posta a punto das instalacións.
- Poñer en coñecemento do centro médico a actividade e as súas características.

PROTOCOLO DE RECEPCIÓN E RECOLLIDA DOS PARTICIPANTES.

- Os pais entregarán firmada con data dese mesmo día unha declaración informada onde se indicarán as condición de saúde da persoa participante, nas que se acredite non padecer ningunha enfermidade contaxiosa, e que non se atopa en ningún dos suportes de non admisión na actividade. A aceptación das condición de participación. O compromiso de notificar inmediatamente á organización calquera problema de saúde vinculada á COVID 19 perante o transcurso da actividade así como o compromiso de recoller da actividade ao participante en caso de amosar síntomas, e asumir os gastos en caso de que non poida desplazarse para a recollida e houbese que facerse cargo da súa atención. E o permiso, ou no, de facer un Test de Antixenos Rápido (TAR)
- Tomaremos a temperatura aos participantes e comprobaremos que levan todos mascarilla xa que é obligatoria no transporte.
- Ao chegar cargaremos coma sempre as maletas nas furgonetas e baixaremolos ata o campamento.
- Os rapaces baixarán coma sempre a pé mantendo distancias.
- Unha vez chegados ao campamento daremoslles a bemvida e distriuiremolos por grupos.
- Cada monitor educador lembrará as normas do campamento incluídas as relacionadas coa Covid-19, e recollerá os cartos e móbiles de cada un deles gardándoos como é habitual dentro dunha bolsa de zip co seu nome e nunha taquilla con chave.
- Formaránse as tendas.
- Os da mesma tenda baixaran xuntos cun monitor e colocarán as súas cousas na mesma e o monitor explicalles como se teñen que colocar e como se fai a limpeza da mesma.
- A recollida dos e das participantes será escaloadada de xeito que será recollido nun horario establecido con anterioridade por parte da familia ou persoa aautorizada. Aparcara onde se lle indique e esperará ali a que un membro do equipo técnico se achegue co seu fillo e as maletas. Unha vez recollido, abandonará o lugar a outros país/nais ou titores/as.

DURANTE A ACTIVIDADE

- A dirección do campamento é a responsable de aplicar e coordinar as medidas de prevención e control da COVID-19 que se establecen no protocolo. Será tamén o responsable de contactar coa familia, e o Centro Médico correspondente se existise algún brocho ou caso de sospeita para coordinar as medidas de control necesarias.

MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS.

- Manter a limpeza e desinfección cos produtos axeitados. Intensificarase esta naqueles lugares de máis uso como baños e comedor.
- A cociña
 - A cociña e as súas instalacións anexas deben seguir o seu propio sistema de autocontrol implantado (APPC)
 - Seguirán as recomendacións de boas prácticas do Ministerio de Sanidade á hora de evitar contaxios entre os participantes
 - O menú será como sempre adaptado ás alerxias, intolerancias, dietas especiais de cada participante, e será servido polo persoal técnico correspondentes cumprindo coas medidas de protección indicadas por sanidade.
- O comedor:
 - Habilitaránse circuitos de circulación para entrar e saír do comedor.
 - Na medida do posible deixarase as portas abertas evitando así a manipulación das manillas.
 - Colocarase nas mesas coa distancia de seguridade.
 - No comedor comerá cada participante co seu grupo, e sempre no mesmo sitio, mantendo sempre a distancia de seguridade cos outros grupos.
 - A comida será servida por un dos monitores/as do grupo.
 - Será o propio participante o que recolla os seus propios restos de comida e vaixela, deixando os restos nos contenedores correspondentes e a vaixela nun lugar establecido para o seu lavado.
 - Limpar a lo menos dúas veces no día.
- Baños e duchas:
 - Limpar diariamente os baños varias veces ao día tal como se viña facendo, segundo necesidade.
 - Nos servizos indicar que os inodoros se descarguen coa tapa pechada
 - Si son as duchas desinfectaránse logo de cada uso.
 - As duchas serán por grupos e por quendas, sendo supervisadas, como viña sendo habitual, por un monitor ou monitora.
- Tendas de campaña
 - Lavar ben as mans para ir á tenda .
 - Hixienizar a tenda todos os días cunha baieta humeda.

- Airear as tendas todos os días durante 15 ou 20 minutos.
- Non permitir a entrada excepto en momentos puntuais.
- Deixan o calzado en bolsas de lixo de diferentes cores segundo os participantes e identificadas a maiores co seu nome de forma clara e visible
- Desinfectar as tendas se a estadía pasa dos 7 días.

ACTIVIDADES

- Normas xerais:
 - Os participantes hixienizarán as máns antes e despois de cada actividade.
 - Non se realizarán actividades que impliquen compartir comida, coller obxectos da boca ou similar.
 - Cada un dos participantes deberá levar consigo a súa propio botella ou cantimplora para beber dela.
 - Utilizaránse os EPI's ou equipos de protección da actividade que deberán estar hixienizados.
 - Limparase o material logo do seu uso, antes do uso por parte doutro participante.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE A APARICIÓN DE SINTOMAS E CONFIRMACIÓN DE CONTAXIO.

- Si no transcurso co do campamento se presentan síntomas como disnea, febre por riba dos 37,3 °C perante 3 días, dores musculares, vómitos, diarrea, ... que impiden a continuidade da actividade chamaráse á familia para que pasen a recollelo e será esta a que contacte cos servizos sanitarios.
- Con carácter xeral , Non está indicada la realización de Probas Diagnósticas de Infección Activa (PDIA) confirmatoria agás forme parte dun grupo vulnerable.
- Unha persoa con síntomas leves e os compañeiros/as do infectado realizamoslles un tést de antixeno rápido, si temos permiso. Si o resultado é positivo falamos coas familias. Si é negativo seguirán as normas de prevención.
- Si non temos permiso para realizar o Test de antixenos rápido seguirán as normas de prevención.
- Nos casos dos compañeiros dun positivo que non teñen síntomas, e dos participantes con síntomas leves pero que non están confirmados deberán manter as medidas de precaución establecidas por Saúde Pública ata que desaparezan, au a lo menos perante os 10 días seguintes ao inicio dos síntomas, ou data de toma de mostra, reducindo as interacción sociais, usando continuamente mascarilla, mantendo hixiene de mans,

evitando o contacto con persoas vulnerables, E comprobación periódica con TER en caso de ter permiso.

A persoa encargada da coordinación deberá poñerse en contacto coa familia que é susceptible de retiralo do campamento.

Levaremos un estricto control da persoa presuntamente infectada e vixiaráse igualmente ao resto do grupo, con especial atención aos compañeiros/as de tenda.

- Dispondremos dunha tenda preparada para que un caso sospeitoso poida durmir separado dos compañeiros xa que en caso de ser positivo é o momento de máis probabilidade de contaxio.

É importante a responsabilidade individual dos/das participantes e a colectiva da entidade, polo que é importante que para o trato destes casos é imprescindible no campamento a presenza de test antixénicos rápidos e mascarillas, entre outros



NORMAS

- DEBES LAVAR BEN AS MANS, E A MIUDO, CON AUGA E XABÓN. SOBRE TODO ANTES DAS COMIDAS.
 - EVITA TOCAR OLLOS, NARIZ E BOCA.
 - MANTEN AS DISTANCIAS (1,2-1,5M), NA MEDIDA DO POSIBLE.
 - SE TES QUE ESBIRRAR DOBLA O BRAZO CO QUE CUBRIRAR BOCA E NARÍZ E TUSE CONTRA A PARTE INTERIOR DO COBADO.
-
- USA PANOS DESBOTABLES
 - NON É OBLIGATORIO O USO DE MÁSCARILLA AGÁS NO TRANSPORTE QUE É OBLIGATORIO O SEU USO. DE TODOS OS XEITOS TES LIBERDADE PARA O SEU USO SE O CRES CONVINE.
 - SE TES ALGÚN SÍNTOMA AVISA AO MONITOR/A MÁIS PRÓXIMO.
 - EN CASO DE PRESENTAR SÍNTOMAS COMPATIBLES COA COVID DEBERÁS SER RESPONSABLE E USAR MÁSCARILLA EN TODO MOMENTO ATA DESCARTAR A POSIBILIDADE.
 - EVITA, INTERCAMBIAR ROUPA, CREMAS, ..., ASI COMO COMPARTIR COMIDA, BEBER DO MESMO VASO .
 - AO FIN DE HIDRATARTE E EVITAR COMPARTIR BOTELLA DEBES LEVAR CONTIGO AUGA NUNHA CANTIMPLORA OU BOTELLA.